



LISTA DE ASISTENTES

Barreiro Alonso, Enrique
 Cabeza Pereiro, M^a Carmen
 Carballo-Calero Ramos, M^a Victoria
 Cid Fernández, Xose Manuel
 Cidrás Pidre, José
 Costas González, Xosé Enrique
 De Oca Cancela, Guillermo
 De Vicente Remesal, Javier
 Docampo Amoedo, Domingo
 Domínguez Castro, Luis
 Durany Castrillo, José
 Estévez Toranzo, Margarita
 Fernández Álvarez, Antón
 Filgueira Pérez, Ángeles
 Gago Rodríguez, Alberto
 Gálvez Gálvez, Juan Francisco
 García Vázquez, José Manuel
 Gil Villanueva, José M^a
 Gómez Gude, Jorge Juan
 González Novas, Roberto
 Gueimonde Canto, Ana Isabel
 Gutiérrez Nieto, Manuel
 Hernández Sánchez, Jesús
 Iglesias Galán, M^a Hilda
 Iglesias Randulfe, M^a Teresa
 Legido Soto, José Luis
 Martí Pellón, Daniel
 Martínez Cobas, Xavier
 Mato De La Iglesia, Salustiano
 Mazaira Castro, Andrés
 Membiela Iglesia, Pedro
 Pajares Domínguez, Sergio
 Pena Rodríguez, Alberto
 Pita Grandal, Ana M^a
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rubiños López, J. Óscar
 Sánchez Bello, Patricio A.
 Sánchez Bermúdez, Ángel
 Suárez Creo, Juan
 Surís Regueiro, Juan
 Vázquez López, Ezequiel M.
 Vázquez Vázquez, Amador
 Vidal Gallego, M^a Teresa Del Rosario
 Viso Alonso, Augusto
 DESCULPA ASISTENCIA
 Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, de 14 de marzo dous mil tres, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O venres, día 14 de marzo de 2003, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión do día 27 de xaneiro 2003.
2. Informe do Rector.
3. Convocatoria axudas de investigación ano 2003.
4. Oferta de materias optativas e encargo de docencia do curso 2003-2004
5. Oferta de materias de libre elección do curso 2003-2004.
6. Límite de prazas para o curso 2003-2004.
7. Calendario escolar do curso 2003-2004.
8. Aprobación, se procede, do curso de Posgrao “Especialista en Automatización Industrial. Sistemas Simatic.Step 7”
9. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense.
10. Debate da proposta da Mesa do Claustro relativa á suspensión da actividade académica durante a sesión do Claustro na que se debatirán os estatutos.
11. Resolución dos recursos de alzada presentados por Dona María José Loureiro Otero, Don Ramón González Sanz, Don Raúl Antonio Cerna Franganillo e Dona Esther Gil Pesqueira (alumnos da E.U. de Estudios Empresariais de Vigo), contra a non admisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular.
12. Aprobación, se procede, dos convenios de colaboración interuniversitaria entre as tres universidades de Galicia para a realización de programas de doutoramento en “Neurociencia “ e en “Metodos matemáticos e simulación numérica na enxeñería e ciencias aplicadas”. Acordo marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e o Centro Nacional de Sanidad Agropecuaria (La Habana).
13. Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento dun membro do Instituto de Electrónica Aplicada “Pedro Barrié de la Maza”.

14. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes: Comisión de Investigación (1 estudante), Membros do Consello Social (1 PDI).
15. Elección das Comisións de Biblioteca (6 estudantes), de Publicacións (3 estudantes e 1 PAS) e de Cursos e Convenios (1 estudante).
16. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión do día 27 de xaneiro 2003.

Apróbase a acta por asentimento.

Punto 2. Informe do Rector.

O Rector informa do seguinte:

-Do nomeamento de Don Francisco Xavier Martínez Cobas como membro do Consello de Goberno en substitución de Don Pedro Merino Gómez.

-Do cese como membro do Consello de Goberno de Don Antonio Pena Giménez por cesar como Director da ETS de Enxeñeiros de Telecomunicación.

-Da valoración global positiva para esta universidade do acordo acadado entre a Consellería e os Rectores das tres universidades sobre o reparto de titulacións para este ano. Sinala que o acordo non é optimo pero si razoable e que non era doado facer algo diferente do que se fixo.

- Da saída do documento marco do MECED sobre o proceso de converxencia europea sendo que o prazo para introducir aportacións ata os primeiros días de maio, polo que de non haber Consello de Goberno a volta de Semana Santa convocárase un extraordinario para tratar como punto único ese documento.

- Da aprobación da lei catalana de universidades que vai acompañada dun compromiso de financiamento, dato importante que serve de referente para cando se trate a ley galega de universidades.

-Da posta en marcha por parte do MCYT do Proxecto de Intervención Científica sobre o Prestige (PIC-Prestige) que está dividido en 6 programas , (5 de carácter científico e un horizontal de coordinación). A Universidade de Vigo recibiu o encargo de xestionar non soamente a acción especial senón todo o proxecto PIC-Prestige e o profesor Federico Vilas Martín forma parte do comité.

- Das Xuntas de Titulación das novas titulacións que teñen que estar constituídas por representantes das diferentes áreas de coñecemento e por expertos externos que teñen que ser validados polo Consello de Goberno, propón pedir os Decanos/Directores dos Centros os nomes dos expertos e pide o Consello de Goberno o consentimento para dar por válidos eses nomes.

Non hai ningunha intervención en contra desta proposta, por parte dos membros do Consello de Goberno, polo que se dá por válida.

Rematado o informe ábrese un turno de intervencións sobre as novas titulacións.

O profesor Sánchez Bello di que entende a valoración global sobre as novas titulacións pero pregunta sobre a decisión de que Turismo fora para o Campus de Ourense.

O profesor García Vázquez sinala que lle gustaría ter un debate sobre cal e o perfil ou a personalidade dos diferentes campus.

O profesor Barreiro pregunta como se valora a concesión de Informática de Sistemas á Universidade de Santiago e se non prexudicará a Informática de Ourense.

O profesor Remesal pregunta por a Titulación de Ciencias do Traballo e o profesor Ramos por si se espera unha segunda fase de concesión de titulacións para dentro dun ano.

Intervén de novo o Rector para contestar ás preguntas formuladas.

Punto 3. Convocatoria axudas de investigación ano 2003.

O Vicerrector de Investigación fai a presentación da convocatoria, sinala que segue as liñas xerais dos anos anteriores, que este ano supón o peche dun ciclo de 5 anos e que estase a facer un estudio profundo de tódalas medidas utilizadas para reforzar a investigación na nosa universidade para poder sacar conclusións de que aspectos é necesario mellorar.

Fai un repaso de tódolos programas indicando as novidades e cambios que presentan en relación coa convocatoria do ano anterior.

Ábrese un turno de intervencións.

O profesor Hernández agradece que se empece a dar os primeiros pasos para recoñecer a investigación no campo da creación artística.

O profesor Legido insiste que segue votando en falta as bolsas posdoutorais para aqueles alumnos que presentan a súa Tese de Doutoramento e necesitan un tempo para rematar o traballo que fixeron.

O profesor Suris discrepa de cómo se puntúa a aportación da produción científica para grupos de referencia xa que un grupo pode ser bo en acadar contratos pero dirixir poucas Teses de Doutoramento, publicar poucos artigos, non acadar sexenios, etc. Cre que se debería limitar o total de puntos a acadar en cada un dos aspectos.

O Vicerrector di que comparte as opinións do profesor Suris, e en relación ás bolsas posdoutorais está de acordo no obxectivo pero está a pensar en cal sería o formato máis axeitado xa que co formato de bolsas posdoutorais estase desactivando a saída de Doutores ó estranxeiro.

Apróbase a convocatoria por asentimento (Anexo I).

Punto 4. Oferta de materias optativas e encargo de docencia do curso 2003-2004

A Vicerrectora de Organización Académica e Profesorado informa de varias cuestións relacionadas co punto e dos acordos da COAP.

Indica que na oferta de optativas quedaran pendentes varios temas:

Na Licenciatura de Traducción e Interpretación quedaron pendentes as optativas xerais de 1º ciclo xa que non é asumible o custo que derivaría de implantar tódalas solicitadas polo Centro. A postura maioritaria da COAP e que se impartan só 6 ou 7 materias, ou ben que se organice a docencia de xeito que, con independencia do nº de materias que se impartan o custo de profesorado sexa o equivalente a 6 ou 7.

Ábrese un turno de intervencións.

A profesora Susana Cruces, da Área de Traducción e Interpretación, explica as razóns académicas polas que a Área non pode aceptar a oferta feita pola Vicerrectora.

O Rector di que tódolos planos de estudio desta Universidade contemplan tódalas posibilidades, pero soamente se implantan as que a Universidade pode asumir no seu custo.

O profesor Domínguez, Decano do Centro, indica que estamos nunha institución pública e hai que ter en conta o equilibrio orzamentario, pero por enriba está a legalidade do Plan de Estudos, e si a un alumno se lle obriga a entrar por unha combinación lingüística determinada, despois habería que ofrecerlle as optativas específicas de súa combinación.

A profesora Cabezas apoia os argumentos expostos polo Decano.

O Rector di que non hai que confundir legalidade con organización académica e que tódolos Decanos/Directores de Centros fan equilibrios para axustar a oferta ó custo. Pide un esforzo e empra a o Decano/Directora de Departamento Área para que traten de encaixar unha proposta que se achegue ó custo e poder dar os estudantes as máximas posibilidades. Propón que a decisión se aplace, e si se chega a algunha proposta de consenso que sexa a COAP a que a valide, en caso contrario volverase a traer a un próximo Consello de Goberno.

Apróbase a lista de optativas por asentimento agás as da Licenciatura de Traducción e Interpretación (Anexo II)

Sobre os encargos de docencia a Vicerrectora informa de dúas cuestións:

- En primeiro lugar da materia troncal de Oceanografía Física, do 1º curso da Licenciatura de Ciencias do Mar, a COAP acordou facer o encargo as dúas áreas (Física da Terra e Astronomía e Astrofísica) igual que o curso pasado xa que este ano o centro enviou o encargo do ano anterior por non acadar o quorum na Xunta de Titulación.

Interven o profesor Reigosa, agradecendo ser invitado este ano a este punto, explica a situación que xurdiu despois da división da Área de Física da Terra e Astronomía e Astrofísica en dúas áreas; a Xunta de Titulación considerou que por razóns científicas a materia de Oceanografía Física debería estar encargada á Área de Física da Terra aínda que a profesora que a viña impartindo (e agora pertence a Área de Astronomía e Astrofísica) podería seguilo facendo.

O profesor Rosón en representación da Área de Física da Terra expón os criterios científicos que avalan ese encargo e engade que xurde un elemento novo respecto ó curso pasado y é que se preve a incorporación dun profesor titular da área que estaba en servicios especiais en Bruselas.

A profesora Ana Ulla, da área de Astronomía e Astrofísica, pregunta si hai algún precedente de que un profesor imparta unha materia non porque se lle encargue senón por recomendación do Decano. Pide que no seu caso tamén se aplique o principio de equilibrio orzamentario.

O Rector propón que se pospoña este encargo e que se delegue na COAP o intentar buscar unha saída. Acéptase a proposta por asentimento.

En segundo lugar, a Vicerrectora informa da proposta da Xunta de Centro da Facultade de Ciencias Sociais de encargar a materia troncal Sector Público II da titulación de Xestión e Administración Pública á Área de Dereito Financeiro e Tributario que no curso anterior estaba encargada a área de Economía Aplicada. A proposta da COAP e respectar o encargo que fai o Centro.

O profesor Suris defende que dita materia se siga encargando a Área de Economía Aplicada. Sinala que entendería que se cambie o encargo dunha materia troncal dun ano a outro se o que se intenta é acadar un aumento do benestar colectivo, pero cre que este non é o caso. Fai constar

que de producirse unha votación se vai a abster, por ser parte implicada como Director do Departamento e pertencer a Área de Economía Aplicada.

A profesora Ana Pita intervén para defender a proposta do centro, fai un repaso do proceso de elaboración do plan de estudos e indica que dende que se comenzou a impartir dita materia a área de Dereito Financeiro reclamou ó centro o encargo da mesma. Expón as razóns académicas e científicas nas que se basa dita reclamación e dado que este ano a Xunta de Centro aprobou encargar a docencia a área de Dereito Financeiro solicita ó Consello de Goberno respecto para esta decisión.

Os profesores Pena e Remesal solicitan respectar o acordo do centro.

A Sra. Filgueira pregunta ó Decano pola opinión dos alumnos na Xunta de Centro e o Director de Departamento cal e a cualificación do profesor nas enquisas. A resposta a primeira pregunta e que a votación foi secreta e a segunda parte 4.16 sobre 5.

Rematadas as intervencións o Rector di que o tema xa está suficientemente debatido e propón levar a cabo unha votación secreta.

Os términos da votación serán:

SI a favor do encargo feito polo centro

NON en contra do encargo feito polo centro e polo tanto volveríase encargar a Economía

Aplicada.

O resultado da votación foi o seguinte :

SI 12 votos

NON 18 votos

Branco 11 votos

Apróbase o encargo da materia a Área de Economía Aplicada.

A profesor Pita quere deixar constancia que a área de Dereito Financeiro seguirá reivindicando o encargo de dita materia.

Punto 5. Oferta de materias de libre elección do curso 2003-2004.

A Vicerrectora de Organización Académica e Profesorado informa da proposta das materias de libre elección aprobada na COAP.

O profesor Remesal pregunta por qué non aparecen na relación de materias de libre elección, dúas materias solicitadas polo centro para a titulación de Relacións Laborais.

A Vicerrectora responde que no momento da integración da devandita titulación, acordouse non modificar a oferta de materias ata que o plano de estudos fose reformado.

O profesor Cidrás pide aclaración sobre a oferta das materias de Inglés I e Inglés II.

O profesor Legido solicita se estudie a posibilidade de incorporar materias de libre elección naquelas áreas que o soliciten e que teñan profesores numerarios cunha carga docente inferior a súa dedicación máxima.

O Rector valora positivamente esta proposta.

Sométese a votación a relación de materias de libre elección ofertadas:

A favor da oferta	35 votos
En contra	0
Abstencións	4 votos

Queda aprobada incluíndo as referencias indicadas (anexo III).

Punto 6. Límite de prazas para o curso 2003-2004.

A Vicerrectora de Organización Académica e Profesorado explica a proposta da COAP na que se respetan as propostas dos Centros sempre que se rebaixe ou se manteña a proposta do curso anterior. Hai tres Centros nos que a proposta implica aumento de prazas.

En Ciencias do Mar di que o Centro non enviou nova proposta senón que enviou a do curso anterior polo que defende a proposta de 100 que xa foi aprobada o ano pasado en Xunta de Goberno.

En Belas Artes o Centro propón pasar de 120 a 130 baseándose nas prazas reais ocupadas o curso pasado.

En Informática de Ourense o centro propón pasar de 170 a 225 e o coste derivado deste aumento de prazas non é asumible.

Ábrese un turno de intervencións.

O profesor Hernández di que ca proposta do centro o que se pretende e axustar as prazas ofertadas a realidade.

O Rector propón esperar a ver si os mecanismos da CIUGA conseguen axustar a oferta á demanda e, de non ser así, para o ano próximo analizarase a proposta do Centro.

O profesor Hernández acepta esta proposta.

O profesor Galvez informa que a proposta aprobada pola Xunta de Escola foi de 200 prazas polo que o nº de 225 foi un erro de transcripción e manifesta que o coste dos 30 novos estudantes non vai a ser moi significativo.

Os profesores Durany e Barreiro apoian a proposta do Centro.

O profesor Dominguez apoia esta solicitude e pide que esta xenerosidade se teña en conta tamén noutras titulacións.

Despois de varias intervencións acéptase por asentimento o nº de 200 prazas solicitado polo Centro.

O profesor Ramos manifesta o seu desacordo coa redución do cupo de entrada na E.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación e di que esa proposta non foi aprobada pola Xunta de Escola.

O Rector di que cando se fixo a solicitude de novas titulacións a condición era que non implicaran custo e isto levaba consigo a redución do cupo de entrada na enxeñería superior.

O profesor Durany di que o aprobado na Xunta de Escola foi un documento que incluía un cadro no que figuraban os números de entrada nas tres titulacións (a superior e as dúas técnicas) para o caso que se concederan as novas titulacións.

Sométese o punto a votación:

A favor	30 votos
En contra	1 voto
Abstencións	2 votos

Apróbase (anexo IV)

Punto 7. Calendario escolar do curso 2003-2004.

Apróbase por asentimento despois dunha corrección técnica (Anexo V).

Punto 8. Aprobación, se procede, do curso de Posgrao “Especialista en Automatización Industrial. Sistemas Simatic.Step 7”

Apróbase por asentimento.

Punto 9. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense.

Apróbase por asentimento.

Punto 10. Debate da proposta da Mesa do Claustro relativa á suspensión da actividade académica durante a sesión do Claustro na que se debatirán os estatutos.

O Rector explica a proposta de Mesa do Claustro e pide opinión os membros do Consello de Goberno.

Despois de varias intervencións dos profesores Ramos, Cidrás, García Vázquez, Durany, Sánchez Bermúdez e o Sr.González Novas, apróbase por asentimento o acordo seguinte:

“Suspensión da actividade académica durante os días 10 e 11 de abril (este último se fora preciso), datas de celebración do Claustro para o debate dos estatutos, e modificación do calendario escolar do curso 2002-2003 de xeito que o luns de Pascua (día 21 de abril de 2003) pasa a ser día lectivo”.

Así mesmo recoméndase enviar este acordo a tódolos Decanos/Directores de Centro de xeito que adopten as medidas mais oportunas para o seu centro.

Punto 11. Resolución dos recursos de alzada presentados por Dona María José Loureiro Otero, Don Ramón González Sanz, Don Raúl Antonio Cerna Franganillo e Dona Esther Gil Pesqueira (alumnos da E.U. de Estudios Empresariais de Vigo), contra a non admisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular.

A Vicerrectora propón que se inclúa un recurso mais presentado por dona Ángela Lucía Ledo Cancelo e propón que, o igual que en casos anteriores, se admitan a trámite estos recursos.

O profesor Sánchez Bello indica as razóns polas que non foron admitidas a trámite polo Centro.

Os profesores Suárez, Gil e a Sr. Filgueira apoian que se admitan a trámite.

O profesor García Vazquez apoia que se admitan a trámite e pide que se urxa a modificación da Normativa de permanencia para melloralala á vista da experiencia.

Neste intre o Rector ten que ausentarse e pasa a presidir a sesión a Vicerrectora de Organización Académica e Profesorado.

O profesor Sánchez Bello insiste na modificación da normativa.

A Vicerrectora di que está traballando nese tema e somete o punto a votación:

A favor da admisión a trámite	18 votos
En contra	1 voto
Abstencións	3 votos

Apróbanse a admisión a trámite dos recursos.

Punto 12. Aprobación, se procede, dos convenios de colaboración interuniversitaria entre as tres universidades de Galicia para a realización de programas de doutoramento en “Neurociencia “ e en “Metodos matemáticos e simulación numérica na enxeñería e ciencias aplicadas”. Acordo marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e o Centro Nacional de Sanidad Agropecuaria (La Habana).

Apróbanse por asentimento.

Punto 13. Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento dun membro do Instituto de Electrónica Aplicada “Pedro Barrié de la Maza”.

Apróbase por asentimento o nomeamento de Don Emilio López Matos como membro do IEA “Pedro Barrié de la Maza”.

Punto 14. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes: Comisión de Investigación (1 estudante), Membros do Consello Social (1 PDI).

A Secretaria Xeral informa que soamente hai unha candidatura para ocupar un posto vacante, polo sector PDI, dos membros do Consello Social.

Sae elixido Don Francisco Xavier Martínez Cobas como membro do Consello Social.

Punto 15. Elección das Comisións de Biblioteca (6 estudantes), de Publicacións (3 estudantes e 1 PAS) e de Cursos e Convenios (1 estudante).

Non hai propostas polo que le deixa para un próximo Consello de Goberno.

Punto 16. Rogos e preguntas.

O Sr. González Novas pide que se estudie a posibilidade de modificar as Normas de Xestión Académica de xeito que se un alumno non se presenta á convocatoria de decembro teña a posibilidade de utilizar as outras dúas convocatorias.

O profesor Ramos solicita ser mais cuidadosos cos nomes das titulacións nas documentación oficial que se envíe coa limitación de prazas para o curso 2003-2004.

O profesor Sánchez Bello pregunta si a decisión de que unha titulación nova vaia para o campus de Ourense non debería pasar polo Claustro.

E non habendo mais asuntos que tratar, remata a sesión ás 15:00 horas do día 14 de marzo de 2003 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Rector

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfe